

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FISTERRA

*Normativa*

#### EDICTO

Aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida domiciliaria de residuos solidos urbanos mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 4 de outubro de 2011, faise público o texto íntegro da mesma a efectos do disposto no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo:

#### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

##### Artigo 1.–Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Fisterra establece a taxa por recollida de lixos ou residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, a que se refire o artigo 20.4 s) da Lei 39/88, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei reguladora das facendas locais.

##### Artículo 2.–Feito imponible.

1.–Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de residuos urbanos ou municipais a todos os inmobles, calquera que sexa o seu estado, cualidades, uso ou destino, que se encontren ubicados na zona de cobertura do mesmo comprensiva de todo o termo municipal, con independencia de si se depositan o non os residuos para a súa recollida.

2.–A tal efecto, considéranse residuos urbanos ou municipais os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse ós producidos nos anteriores lugares ou actividades. Exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.–Considérase de carácter voluntario a prestación de servizos, realizada a instancia de parte, para:

- a) Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios e urbanas de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de entullos de obras.
- d) Recollida de residuos voluminosos, como mobles, utensilios e trastos inútiles.

##### Artigo 3.–Suxeitos pasivos.

1.–Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufructuario, habitación, arrendatario ou, incluso, de precario.

2.–Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

##### Artigo 4.–Responsables.

1.–Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 y 39 da Lei xeral tributaria.

2.–Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

**Artigo 5.–Cota tributaria.**

1.–A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determina en función da natureza e destino dos inmobles; a tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

ACTIVIDADE	COTA ANUAL (€)
VIVENDAS	51,42
VIVENDAS ZONA RURAL	27,69
BARES E CAFETERÍAS A > 120 m <sup>2</sup>	176,75
BARES E CAFETERÍAS B < 120 m <sup>2</sup>	156,58
RESTAURANTES A < 120 m <sup>2</sup>	222,76
RESTAURANTES B < 120 m <sup>2</sup>	156,58
DISCOTECAS, SALAS DE FESTAS A > 120 m <sup>2</sup>	189,67
DISCOTECAS, SALAS DE FESTAS B < 120 m <sup>2</sup>	156,58
BANCOS E CAIXAS	189,67
LOCAIS COMERCIAIS A > 120 m <sup>2</sup>	122,68
LOCAIS COMERCIAIS B < 120 m <sup>2</sup>	122,68
COLEXIOS DE ENSINO PRIVADO	144,47
HOTEIS E PENSIÓNS A > 120 m <sup>2</sup>	156,58
HOTEIS E PENSIÓNS B < 120 m <sup>2</sup>	122,68
LOCAIS INDUSTRIAIS A > 120m <sup>2</sup>	156,58
LOCAIS INDUSTRIAIS B < 120 m <sup>2</sup>	122,68
GRANDES SUPERFICIES	564,97
TANATORIOS E POMPAS FÚNEBRES	403,55
QUIOSCOS E OUTROS ANÁLOGOS	27,69

2.–As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible e serán fraccionadas por semestres naturais, salvo acordo do Pleno do Concello establecendo prazo distinto.

3.–As cantidades indicadas nos apartados anteriores experimentarán anualmente un incremento correspondente ao do IPC anual segundo o cálculo efectuado polo Instituto Nacional de Estatística.

**Artigo 6.–Exencións.**

Gozarán de exención subxectiva, aquele contribuíntes nos que concurra algunha das seguintes circunstancias:

1.–Os preceptores de pensións non contributivas sempre que as mesmas constituán o único ingreso da unidade familiar.

O dereito a esta exención requirirá a previa solicitude do interesado/a e aprobación pola Xunta de Goberno Local.

2.–Os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado e declarada mediante un acto administrativo.

**Artigo 7.–Devengo.**

1.–Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, enténdose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais localizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2.–Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase dentro do primeiro día de cada trimestre, salvo que o devengo da taxa se producise por motivo de alta con posterioridade a dita data, nese caso a primeira cota devengarase o primeiro día do trimestre seguinte.

3.–En caso de cese da actividade, a baixa producirase con efectos do trimestre seguinte.

**Artigo 8.–Declaración e ingreso.**

1.–Para a adecuada xestión da taxa, o Concello deberá formar unha matrícula comprensiva dos usuarios suxeitos pasivos del servizo. Dentro dos 30 días hábiles seguintes á data en que se devengue por vez primeira a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula presentando ó efecto a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a primeira cota.

2.–Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.

3.–O cobro das cotas efectuarase semestralmente, mediante recibos derivados da matrícula nos termos que se indiquen polo Concello ou o Servizo de Recadación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, cando actúe por delegación.

**Artigo 9.-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo a infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012 mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

Fisterra, a 23 de novembro de 2011.

ALCALDE EN FUNCIÓNS

Santiago Insua Esmorís-Recamán

---

2011/15761